

A/A DO CONSELLEIRO MAIOR DO CONSELLO DE CONTAS DE GALIZA

Rúa de Domingo Fontán 7, 15702

Santiago de Compostela, A Coruña

Xosé Luís Seara Fernández, maior de idade e número de identidade 34.946.818-C, en calidade de Concelleiro-Portavoz do Grupo municipal do BNG no Concello de Ourense e con domicilio a efectos de notificacións en Oficina municipal do BNG no Concello de Ourense, Casa do Concello, Praza Maior nº1, 32005 ou electrónicamente en bng@ourense.gal, comparece e, como mellor proceda en dereito

EXPÓN

1.- Que con datas 29 de setembro de 2023 e 07 de novembro de 2023, trasladamos a través da Oficina Auxiliar do Rexistro Electrónico e con números de entrada 2023-E-RE-1416 e 2023-E-RE-1717 senllas solicitudes nas que se incluían os informes elaborados pola Intervención municipal do Concello de Ourense en outros tantos procedementos e nos que se advertía de graves irregularidades e, mesmo da presunta comisión de algún tipo de ilícito penal.

2.- Que o obxectivo do Grupo municipal do BNG no Concello de Ourense ao trasladar dita documentación ao Consello de Contas non é outro que dilucidar se efectivamente estamos diante de, tal e como afirma o alto funcionario encargado da fiscalización da xestión económica municipal, graves irregularidades administrativas que mesmo poidan ter percorrido xudicial.

3.- Que con data 12 de decembro de 2023 o Alcalde-Presidente do Concello de Ourense comunicou a apertura dun expediente de cese ao Interventor municipal alegando “obstruccionismo continuado no desempeño das súas funcións, utilizando técnicas diversas” e de practicar “lawfare”.

4.- Que dito expediente de cese ao Interventor municipal engádese o aberto hai meses á Tesoureira municipal por “ser unha tiquismiquis” no exercicio das súas funcións.

5.- Que chama poderosamente a atención que os expediente abertos e as continuas descalificacións públicas do actual Rexedor vaian dirixidas a dous altos funcionarios encargados da xestión e fiscalización económica dun Concello que, teñen manifestado nos seus informes a súa discrepancia co xeito de proceder por parte do Goberno Local.

6.- Que a este xeito de gobernar, con absoluto desprezo pola norma e os procedementos, eludindo garantías e principios básicos de xestión pública, nin se lle pode nin se lle debe dar carta de normalidade, xa que estamos a falar da xestión de diñeiro público, de diñeiro do conxunto da veciñanza de Ourense.

7.- Que a sociedade de Ourense ten que ter a certeza de que a fronte do Goberno local hai persoas nas que se pode confiar e non un Goberno baixo sospeita que goberna o Concello como se fose a súa finca particular.



GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONCELLO DE OURENSE
Oficina municipal 988 388 100 (ext. 1162)
Casa do Concello, Praza Maior nº 1 CP 32005. (soto)
bng@ourense.gal <http://ourense.bng.gal>

Por todo o exposto con anterioridade,

SOLICITA

1.- Que á vista dos feitos, e ante a gravidade dos acontecementos, resolvan á maior brevidade posible as solicitudes rexistradas polo Grupo municipal do BNG no Concello de Ourense e referenciadas no punto primeiro para poder coñecer se, a ollos do Ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financiera do sector público galego, dos informes remitidos puidera derivarse algunha responsabilidade administrativa e incluso se puidéramos estar diante de algún ilícito penal que sexa preciso pór en coñecemento da autoridade xudicial competente.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

En Ourense, a 13 de decembro de 2023

ASDO.

Xosé Luís Seara Fernández
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense